

# RESUMO PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 2º BACHARELATO

## 1. Concreción dos obxectivos para o curso:

### 1.1. Obxectivos para bacharelato.

1. Comezar a exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e avanzar no proceso de adquisición dunha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

2. Avanzar cara a consolidación dunha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma cada vez máis responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Procurar prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, avanzar na análise crítica das desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

5. Avanzar no dominio, tanto na súa expresión oral como na escrita, da lingua galega e da lingua castelá.

6. Lograr para a expresión maior fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

7. Mellorar o uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación.

8. Coñecer cada vez mellor e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar cada vez máis de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e procurar o dominio das habilidades básicas propias da modalidade elixida.

10. Mellorar a comprensión dos elementos e dos procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Avanzar no coñecemento da contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida e e valoralo de forma crítica; así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

11. Avanzar no afianzamento do espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

12. Desenvolver cada vez máis a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e camiñar no impulso de condutas e hábitos saudables.

14. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

15. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### **1.1.1. Obxectivos para 2º BACHARELATO:**

Tal e como se enumeraban no [Anexo I do Decreto 126/2008](#), os obxectivos xerais da área son:

1. Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural; nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.
2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos

3. Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.
4. Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura, así como recoñecer o seu tema e a organización da información.
5. Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
  6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito, contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua.
  7. Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do Estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.
  8. Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.
  9. Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades e superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuizos.
  10. Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes, cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade até chegar ás unidades mínimas.
11. Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a

comunicación funcione de maneira óptima.

12. Adquirir un léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.

13. Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.

14. Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega en tanto que expresión de determinadas circunstancias históricas e sociais.

15. Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

## **2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Exercicios de autoavaliación.
- Práctica oral.
- Exercicios de escoita de falas galegas
- Exercicios para enviar ao titor.
- Cuestionario oral.
- Caderno de clase
- Rúbrica expresión escrita.
- Rúbrica expresión oral.
- Probas específicas (orais e escritas)
- Observación sistemática.
- Producións orais

### 3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No curso de 2º de Bacharelato, teranse en conta os seguintes criterios para establecer a nota de avaliación:

- A **proba escrita**, que dará conta dos coñecementos adquiridos polos alumnos, contará un **80%** da nota da avaliación. Dita proba constará de preguntas semellantes ás do exame que teñen que realizar na ABAU e constará de dúas partes:
- Unha teórica (conceptos)
- Unha práctica (aplicación da teoría a casos prácticos)

As dúas partes teñen o mesmo valor, é dicir, cada unha supón o 50% da nota da proba escrita. Estas dúas partes no exame pode que non se correspondan exactamente coa metade das preguntas, xa que algunha delas de carácter práctico pode pedir unha explicación teórica.

- O outro 20% da nota repartirase do seguinte xeito:
  - **10%** --- proba escrita que tratará sobre un libro de **lectura** obrigatoria.
  - **10%** --- traballo de **redacción** de textos de opinión para cada trimestre. Teranse en conta os mesmos criterios de cualificación que os que se aplican na proba da ABAU para o exercicio de redacción  
  
(a estruturación do texto, a coherencia, a adecuación á situación comunicativa, a claridade expresiva e a corrección ortográfica e morfolóxica).
- O **uso oral da lingua** galega na aula é condición indispensable para avaliar os restantes bloques de contido, aínda que a calidade dese uso non condicionará a nota da materia.
- Para mellorar este aspecto poderán realizarse tarefas de **exposición oral voluntarias** sobre os temas de sociolingüística do curso, novidades editoriais ou

outros propostos. Esta tarefa sumará ata un máximo de 1 punto na nota final, sempre a partir do 5 na media.

- Unha **actitude positiva**, o esforzo, a puntualidade e a asistencia, o comportamento na aula e o interese na materia valoraranse positivamente.

Unha actitude inadecuada na aula (por acción ou por omisión), a ausencia inustificada ou as faltas de puntualidade, máis de **1 vez** nun trimestre, darán lugar a unha valoración negativa que poder comprometer a nota final.

- **A nota final** será o resultado de achar a media das tres avaliacións.
- Hai que ter en conta que se o alumnado non amosou nas dúas primeiras avaliacións unha actitude positiva de traballo e esforzo, aprobar a última avaliación non supón necesariamente ter superada a materia de Lingua Galega e Literatura.

## **NOTAS**

- Terase en conta na nota final dos exames e probas avaliáveis a **ortografía**, a puntuación, a acentuación e a presentación, quedando recollido dunha maneira semellante á das probas da ABAU:
- Poderase penalizar con 0,10 cada falta grave de ortografía, léxica ou morfolóxica; con 0,25 por tiles a partir de cinco palabras acentuadas de forma incorrecta e con 0,25 por mala puntuación.
- A utilización de castelanismos, sobre todo léxicos, de forma reiterada poderá restar 0,1 por cada castelanismo.
- Por mala presentación dos traballos realizados polo alumnado poderase baixar ata un punto na nota final.
- Así mesmo, valorarase a expresión, podéndose restar puntos se presenta moitas incoherencias ou se non deixa claro o que se quere dicir.
- As probas escritas deberán realizarse con letra lexible. No caso de que a docente teña dificultade para ler o escrito, pode deixar sen puntuar a proba(ou a parte correspondente).

## 4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### ✧ Libros de Apoio.

En todo os cursos, agás 2º BACH:

- *Lingua Galega e Literatura ESO e Bacharelato* Ed. Anaya
- *Lingua Galega e Literatura 2 Bacharelato* Ed. Baía edicións

### ✧ Novas Tecnoloxías.

Usaranse os recursos que a editorial ofrece no seu espazo web.

### ✧ Xornais.

Cada semana distribuíranse, entre o alumnado, artigos tirados dos distintos xornais en calquera soporte, referidos á sociedade galega actual (especialmente ao mundo da cultura e da lingua).

### ✧ Audiovisuais.

Proxectaranse documentais relacionados coa Historia de Galicia, da Lingua e da Literatura Galegas, así como Curtas arredor do Teatro e do Cinema Galegos, como complemento ás explicacións da aula.